



O teu Concello infórmate

Queridos veciñ@s:

Os próximos **5 e 6 de xullo** teremos de novo Feira en Paderne. A petición de moitos pequenos empresarios do Concello e Comarca, xunto coa oportunidade que representa que formemos parte da Reserva da Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo", fixo que retomáramos o reto de renovar a Feira de Paderne, dándolle un novo enfoque a favor da actividade vinícola facendo así a **"MOSTRA DO BRANCO LEXÍTIMO"**.

De momento trabállase como Viño da Terra, pero coa consolidación das diferentes adegas, mellorando as súas instalacións, plantacións e técnicas de elaboración, esperamos conseguir a tan ansiada e necesaria denominación de orixe por parte do Consello Regulador.

Paderne debe apostar por esta actividade e queremos ser os primeiros en que, con esta Mostra, creemos riqueza e postos de traballo como se conseguiron nas Rías Baixas, Ribeira Sacra ou no Ribeiro.

Pero ademais estarán presentes, como nas anteriores edicións da Feira, os sectores de Alimentación, Maquinaria, Forestais, Artesanía, Comerciais, Horta e Flor.

Haberá as tradicionais probas caninas e hípicas que poñerán a nota lúdica á Mostra na que tampouco faltarán demostracións e obradoiros das diversas actividades.

As catas de viño comentadas, os obradoiros de cociña e as degustacións farán, xunto co pulpo, que teñamos unha boa Feira.

Espero que o esforzo dos homes e mulleres do noso Concello sirva para retomar o éxito de edicións anteriores e así apuntalar este **Paraíso entre ríos** no que estamos todos a traballar.

O voso Alcalde



Charla: “Oportunidades para o sector forestal”

Conscientes das potencialidades que ofrece o sector forestal para a poboación e da importancia da biomasa, realizouse o 26 de marzo unha charla centrada neste tema co fin de informar ós interesados sobre unha mellor xestión do monte a fin de obter unha boa rendibilidade.

Xornada de reciclaxe

Dedicouse día 9 de abril a concienciar a tódalas persoas do municipio na importancia deste tema; así, os pequeniños das escolas de Educación Infantil pola mañá e os maiores pola tarde, recibiron todo tipo de explicacións e exemplos prácticos sobre a boa utilización dos distintos contedores e as vantaxes da reciclaxe en orixe.

Durante a mañá, a xornada estivo centrada nos pequeniños das escolas.



Seminario: Liñas de financiamento Reservas da Biosfera

Tivo lugar o pasado 11 de abril no Pazo de Mariñán; nel participaron todas as Reservas de Biosfera Españolas. O Alcalde moderou a mesa **“Instrumentos para o financiamento de proxectos nas reservas de biosfera: Desenvolvemento rural, medio ambiente e retos ambientais”** na que se expuxeron o Programa Horizonte 2020, a PAC, ou os programas da Fundación Biodiversidade.

Festa dos Maires

Realizouse o pasado 26 de abril. Os actos comezaron coas emotivas palabras do Alcalde dando paso á celebración da Santa Misa e ó acto de felicitación ós maiores de cada parroquia; os asistentes puideron tamén participar na comida ó remate da cal se realizou o tradicional sorteo de agasallos finalizando pouco despois coa satisfacción de estar xuntos outro ano máis.



Na comida, coa mesa presidencial ó fondo, na que os maiores de cada parroquia estaban acompañando ó Alcalde



Día das Letras Galegas

Celebrouse, o pasado 17 de maio na praza do Campo da Escola, en Insua con un acto no que o Alcalde tivo unhas palabras de recordo para o poeta Xosé María Díaz Castro, autor homenaxeado nesta edición pola Real Academia Galega no centenario da súa morte.

Como xa é habitual, estaba a maioría dos veciños nunha festividade convertida xa en institución para a parroquia.

Momento de comezo do acto das Letras Galegas

Día da Familia

Sábado 30 de agosto

13:00 horas

Sesión de bombas de palenque
Actuación do Grupo de Gaítas
Degustación de caza

14:30 horas

Saúda do Alcalde

16:30 horas

Actividades para nenos
(Inchables - Festa da espuma - Toro mecánico
Xogos ó aire libre - Campionatos)
Actividades para maiores
(Xogos de mesa - Xogos tradicionais)

20:00 horas

Actuación musical

22:00 horas

Queimada

Ó longo da tarde disfrutaremos
da actuación da charanga DGT



Apúntadevos ata o 27 de agosto
Queremos facer de este día unha gran celebración en Paderne na que todos participedes cos vosos invitados
Esperámosvos a todos este día en O Telleiro

Piscina Municipal



O vindeiro día 1 de xullo e ata o 31 de agosto estará en funcionamento a tempada de verán na Piscina Municipal de Paderne co horario de 12:00 a 20:00 horas.

As persoas que desexen facer uso destas instalacións teñen a posibilidade de:

- Realizar un **abono familiar** (só para empadroados no Concello de Paderne). Utilizando esta opción poden usar as instalacións todas as persoas que figuren na mesma vivenda no padrón municipal durante toda a tempada.
- Realizar un **abono individual**. Dá dereito ó uso das instalacións durante toda a tempada para o titular do abono.
- Aboar entrada diaria (**entrada infantil - entrada adultos**).

Os titulares de abono teñen dereito a asistir ós cursos de natación.

Clausura das actividades e cea

Será o venres **13 de xuño ás 20:30 h** no local social de Quintas. O acto, presidido polo Alcalde acompañado polo Equipo de Goberno, contará coa asistencia dos monitores que durante este curso 2013-2014 estiveron impartindo os distintos talleres así como das persoas participantes neles.

A oferta deste ano estaba composta por talleres de pintura e manualidades, cestería, informática, bailes de salón, pilates, aerobic, ximnasia de mantemento e memoria.

Ó remate vai a ter lugar a cea nun restaurante cercano. As persoas que desexen asistir teñen ata o 10 de xuño para anotarse; o custo é de 25 €.

Tamén do 5 ó 13 de xuño e de 10:00 a 19:30 h, haberá unha exposición dos traballos realizados durante o curso nas dependencias do Centro de Maiores.

Campamentos deportivos

Do 6 ó 12 de xullo os rapaces e rapazas de Paderne de entre 10 e 14 anos, van a poder disfrutar dalgunha das prazas que o Alcalde solicitou para eles dentro do programa da Deputación da Coruña "Campamentos deportivos 2014"; uns días repletos de actividades deportivas e culturais con estadía e manutención no Colexio Calvo Sotelo da propia cidade.

Excursión a Lisboa

Para os días **12, 13 e 14 de setembro** o Concello ten programada unha excursión para visitar **Lisboa** e as localidades costeiras máis cercanas como **Sintra, Cascais, Estoril e Aveiro**.

Sairase ás 6:30 da mañá co fin de chegar ó hotel á hora de comer e poder facer dúas paradas polo camiño.

A estadía será nun fermoso hotel de catro estrelas con pensión completa e en habitacións dobres nunha localidade limítrofe con Lisboa.

A data límite para anotarse será o 12 de agosto con un custe por persoa de 153 €; as persoas que non desexen compartir habitación teñen a posibilidade de reservar unha individual con un custe engadido de 32 €.

O programa previsto é o seguinte:

1º DÍA:

Saída en dirección Lisboa.

Chegada ó hotel, reparto de habitacións e comida.

Visita a **SINTRA**: Palácio da Regaleira, coñecido tamén como o Palácio do Monteiro dos Milhoes (Patrimonio Mundial da UNESCO), regreso ó hotel, cea e baile.

2º DÍA:

Visita a **LISBOA** onde faremos unha panorámica da Praza do Rocío, da Praza dos Restauradores, Mosteiro dos Jerónimos, Torre de Belem e instalacións da antita Expo.

Regreso ó hotel e comida.

Visita á costa coñecendo o famoso acantilado "boca do inferno" e as poboacións costeiras de **CASCAIS**, coa súa fermosa Bahía e **ESTORIL** co seu casino, coñecido internacionalmente.

Regreso ó hotel, cea e baile.

3º DÍA:

Saída hacia **AVEIRO**, chamada a Venecia portuguesa porque as súas rúas están atravesadas por canles cos típicas embarcacións chamadas "moliceiros".

Comida en Aveiro e regreso.

Os que desexen maior información poden chamar ó Concello

PLAN: DTC/ 93

No Pleno de data 14 de maio de 2014, aprobouse incluír no DTC/ 93 da Deputación de axudas ós concellos para a realización de obras, achegas municipais a outros plans ou convenios, a obra de **"Mellora da pavimentación nas parroquias de Adragonte, Vilamourel, Obre e Viñas"**, por un total de **94.444,88 €** e que inclúe o amaño dos seguintes camiños:

- Cruce da ferretería de Areas – cruce da Costa de Lucas
- Aglomerado campo da festa de Vilamourel
- Camiño da Asfarrapa – Ourovello
- Camiño N-651 a Modia
- Camiño Fonte de Insua
- Camiño de Insua a Pasaxe
- Camiño N-651 a Tixoso
- Camiño do Ponto
- Acondicionamento Terreo de San Pedro (Campo da Festa de Obre)

Taller de búsqueda de emprego

O vindeiro día 13 de xuño e de 9:00 a 12:00 horas, o Alcalde vai a presentar un taller de **"Busca activa de emprego"** orientado a tódalas persoas do Concello que se atopen en situación de desemprego.

Vaise a desenvolver no Salón de Sesións e o seu obxectivo é proporcionar estratexias e ferramentas que poidan ser de utilidade ás persoas afectadas por esta situación. Os contidos serán tanto teóricos como prácticos abarcando as posibles situacións con que se pode atopar un demandante de emprego.

As persoas interesadas en asistir deben chamar por teléfono ás oficinas municipais xa que o número de prazas é limitado.

Fondo de compensación ambiental

Vense de solicitar á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través do Fondo de Compensación Ambiental, unha axuda de **25.751,88 €** para a realización do proxecto **"Protección do Ambiente no Concello de Paderne"**, integrado polas seguintes actuacións:

- Mellora do entorno e accesos da Aula da Ría, por un importe de **12.189,85 €**
- Limpeza de camiños rurais e forestais, por un importe de **20.000 €**

Todo o proxecto por un importe total de **32.189,85 €**

Infraestructuras de uso público

Tamén á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da convocatoria de subvencións para a execución de infraestructuras de uso público, solicítase unha axuda de **21.067,45 €** para o proxecto de **"Mantemento de parques infantís no Concello de Paderne"** por un importe total de **26.334,31 €**.

Esto suporá a mellora dos parques infantís do Consistorio, en Paderne, do parque de Insua, en Viñas e do parque de Areas, en Adragonte, para así poder darlles un mellor uso tódolos veciños.

Mostra do Branco Lexítimo

Paderne

5 e 6
de xullo
2014

Mostra do Branco Lexítimo

Exaltación
do viño
"Branco Lexítimo"



Ademais atoparás:

- Alimentación - Artesanía - Maquinaria - Comerciais

Actividades diversas:

Sábado:

- Concurso de Cans

Domingo:

- Exhibición hípica *Paderne*

Tamén...

- Cata de viños comentada - Obradoiros de cociña e moitas outras actividades...

Organiza:



Concello
de Paderne

Colaboran:



Deputación
DA CORUÑA



zona 2
Odefo Art-Labro
grupo de acción
comunal 0001-000



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS

Feira de Paderne